



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Expediente núm. 2024/E001/000003
2024/G003/000936

DECRETO DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN ECONÓMICA, PLANIFICACIÓN URBANA, SERVIZOS Á VECIÑANZA E RECURSOS HUMANOS

ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante o Decreto núm. 619/2024, do 27 de marzo (2024/G003/000648) o concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, aprobou a convocatoria e as bases correspondentes para a selección e ulterior contratación de catro (4) auxiliares de Policía local.

A convocatoria e as súas bases foron publicadas no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 65, do 03/04/2024.

O prazo de presentación de solicitudes principiou o 04/04/2024 e rematou o 17/04/2024.

Mediante o Decreto núm. 780/2024, do 18 de abril (2024/G003/000760), aprobouse a relación provisional das persoas aspirantes admitidas e das excluídas, indicando a causa ou causas de exclusión, concedendo o preceptivo prazo de reclamacións.

A través do Decreto núm. 851/2024, do 6 de maio (2024/G003/000835) procedeuse á aprobación definitiva da relación do persoal aspirante admitido e do excluído, nomeouse o órgano de selección e fixouse o lugar, día e hora de constitución do referido órgano de selección e de realización do primeiro exercicio (proba de coñecementos), que tivo lugar o 09/05/2024. As probas físicas realizáronse o 16/05/2024.

O órgano de selección declarou aprobadas as persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e propuxo a contratación daquelas que obtiveron a maior puntuación dentro do número de prazas convocadas (4), e que resultan ser as seguintes:

1. Joan Manuel Guerreiro Pin
2. Paula López Ulloa
3. Brais Vizoso García
4. Rubén Darío Vivero Aldrey

O acordo do referido órgano seleccionador tamén inclúe as seis (6) persoas aspirantes que ocupan as posicións 5ª, 6ª, 7ª, 8ª, 9ª e 10ª no resultado final do proceso selectivo, para integrar a lista de reserva a que se refire a última alínea da base xeral 10 das reitoras da convocatoria.

As persoas aspirantes propostas para a contratación presentaron a documentación preceptiva para poder seren nomeadas e contratadas.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

FUNDAMENTOS LEGAIS

O artigo 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (de Galicia), permite a contratación laboral temporal de auxiliares de Policía local dos concellos galegos.

O artigo 15.2 do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro (TRLET), permite a subscripción de contratos de traballo de duración determinada por circunstancias da produción.

A atribución para ditar a presente resolución correspóndelle á Alcaldía por mor do disposto no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL). Porén, a través do Decreto núm. 1529/2023, do 5 de xullo (BOP núm. 133, do 13/07/2023), esta competencia, entre outras foille delegada ao concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos.

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. **Contratar** en réxime de dereito laboral e con carácter temporal, coa categoría de **auxiliar de Policía Local**, ás persoas que se indican con suxeición ás seguintes condicións:

<u>a) Persoas contratadas</u>	<u>DNI</u>
- Joan Manuel Guerreiro Pin	***9291**
- Paula López Ulloa	***2305**
- Brais Vizoso García	***1587**
- Rubén Darío Vivero Aldrey	***2862**

b) O contrato é laboral, a tempo completo, na modalidade de contrato de duración determinada por **circunstancias da produción**.

c) O contrato ten una **duración de catro (4) meses e concluirá, como moi tarde, o 31/12/2024**, calquera que fose a data de inicio.

d) As retribucións a percibir son as que obran no expediente.

2. **Formalizar os contratos no modelo preceptivo (código 402**, consignando o valor “967” no campo “*Colectivo de trabadores*”) e dar de alta ás persoas interesadas en nómina e na Seguridade Social.

3. **Establecer a seguinte lista de espera**, segundo o sinalado na base núm. 10 das que rexen na convocatoria:

1º) **Jorge García Tombo**

2º) **Pablo García Gómez**

3º) **Alejandro Gago Galdo**



4º) Sergio Hermida Fresco

5º) Miguel Ángel Vilaboy Romero

6º) Rafael Formoso Meizoso

Esta lista de espera estará vixente exclusivamente durante o exercicio de 2024 e para os únicos efectos de cubrir eventuais baixas ou renuncias das persoas contratadas.

4. Comunicar a contratación do indicado persoal á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes).

5. Publicar este decreto no taboleiro electrónico do concello e na páxina *web* municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación na sede electrónica do concello, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificada a resolución expresa entenderase desestimada por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar dende o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-Administrativo, efectuando a persoa demandante a elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderán impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida á persoa demandante polo artigo 14.1, regra segunda, da meritada Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

Antonio Alonso Román